



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24 DE MAIO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/521/2019.- JOSÉ MANUEL IGLESIAS SÁNCHEZ.- Conceder licenza para executar obras de construción de piscina e obras de urbanización complementarias en lugar A Cacharela nº 22.

LIC/1358/2017.- MARCOS PEITEADO MONTERO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública de data 19 de abril de 2018.

LIC/345/2018.- RICARDO MUNÍN CASTELAO.- Conceder licenza para executar obras de rehabilitación e ampliación de edificio de vivendas e local comercial sito en rúa das Rodas nº 19.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de construción de piscina e obras de urbanización complementarias en lugar A Cacharela nº 22. LIC/521/2019. Apróbase a proposta

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública de data 19 de abril de 2018, na rúa Cruz de Outenín, nº 9. LIC/1358/2017. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de rehabilitación e ampliación de edificio de vivendas e local comercial sito en rúa das Rodas nº 19. LIC/345/2018. Apróbase a proposta

5.- Proposta do concelleiro delegado de Informática relativa á aprobación da sinatura da adenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial RED.ES e os concellos de Santiago de Compostela, A Coruña, Madrid e Zaragoza para o programa de cidades intelixentes da axenda dixital para España: modalidade de participación en cooperación (CO40/16-AE). Apróbase a sinatura da adenda que aplía a vixencia do citado convenio ata o 31 de decembro de 2023.

6.- Proposta da alcaldía relativa á convalidación dos gastos en concepto de compensación económica por colaboración de don Luís Fernández Maira e don Andrés Bernárdez Diz no servizo de apoio formativo aos equipos do club DEBATE 2019. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á autorización especial de uso do estadio municipal VERÓNICA BOQUETE de San Lázaro, a favor da comisaría local da Policía Nacional, para a organización dunha macro exhibición das distintas unidades do Corpo Nacional de Policía. Acórdse a autorización especial de uso do estadio Verónica Boquete de San Lázaro para a organización do citado evento, que terá lugar o venres 14 de xuño en horario de 9.00 a 14.00 horas e no que está previsto que participen 2.000 nenos e nenas dos centros educativos de Santiago e da comarca.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á transimisión da licenza de taxi nº10 da que é titular Santiago Janeiro Corral en favor de José Ramón Toubes Suárez. Apróbase a proposta

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento exterior de campo de fútbol de Belvís. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 143.990 euros e un prazo de execución de catro meses.

3.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á contratación á Sociedade Española de Radiodifusión SL da organización do concerto Santiago 40 Pop Festas da Ascensión, que se celebrará o 29 de maio de 2019 na Praza da Quintana. Apróbase a proposta.

4.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da programación das Festas da Ascensión 2019. Apróbase a proposta

5.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do convenio de colaboración do Concello coa Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer, AGADEA. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 3.000 euros.

6.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración do Concello de Santiago coa ASociación de Persoas Xordas de Santiago pa o ano 2019. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 10.000 euros.

7.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo LGTBQI e de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2019. Apróbase a convocatoria, cun orzamento de 30.000 euros.

8.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial para o ano 2019. Apróbase a convocatoria, cun orzamento de 50.000 euros.

9.-Proposta do concelleiro delegado de Economía e Facenda relativa á inadmisión da solicitude de declaración de nulidade de pleno dereito presentada por Daniel Vieiro BArreiro contra a liquidación do expediente de comprobación limitada polo imposto sobre o Incremento de Valor de Terros de Natureza Urbana. Apróbase a proposta.